

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A., PARA A REALIZACIÓN DUNHA SERIE DE PROGRAMAS SOBRE O SECTOR PESQUEIRO E IGUALMENTE A DIFUSIÓN DE INFORMACIÓNS DIARIAS SOBRE A ACTUALIDADE DO SECTOR, NO ANO 2025

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

Patricia García Sánchez, directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten formalizado coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 20 de xaneiro de 2025 ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG) para a realización dunha serie de programas televisivos sobre o sector pesqueiro e a difusión de informacións diarias sobre a actualidade do sector.

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

- 1.- Á elaboración do programa ou programas nos que se emitirá/n os contidos de interese xeral para as xentes do mar.
- 2.- Á emisión da dita serie, a razón de un (1) programa semanal, de marzo a decembro, cunha duración de entre vinte e vinte e cinco minutos (20-25') e nunha franxa horaria que garanta un alto nivel de audiencia e repercusión, así como á eventual produción e



emisión de programas monográficos dedicados a mostrar aspectos concretos do traballo e vida cotiá de determinados sectores do noso mar.

3.- Á emisión nos informativos de carácter rexional, información diaria ou semanal como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe, feiras e outros.

4.- Á cesión ou ao aproveitamento do material gráfico elaborado por "Vivir o mar" para uso da Consellería do Mar en promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno a Consellería do Mar, enviándolle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado, e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.

As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar "Imaxes cedidas por Corporación RTVG".

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, a Consellería do Mar solicitaralle á Corporación RTVG as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto.

A Consellería do Mar poderá solicitar copias dos programas emitidos en formato DVD.

5.- Finalmente, a Corporación RTVG asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - Consellería do Mar na dita produción, así como a participación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura – FEMPA; dun xeito claro e visible.

Por parte da Consellería do Mar:

1.- Á achega, como máximo, das cantidades que figuran na cláusula cuarta do presente convenio, para levar a cabo o obxecto do mesmo.

2.-A orientar e facilitar toda canta información sexa necesaria para a boa realización dos programas obxecto do convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: "7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos".

A Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

A Corporación RTVG, por razón do seu alto grao de audiencia nas zonas costeiras e a súa raizame na sociedade galega, é un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados co sector pesqueiro en xeral e a promoción dos seus produtos, e que por este medio considérase de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta á pesca galega.

A Consellería do Mar e a Corporación RTVG están interesados na realización dunha serie de programas televisivos emitidos baixo o nome ou lema de "VIVIR O MAR", campaña que gozou dunha grande aceptación polo público en xeral, e podéndose ampliar o ámbito de emisión a máis espazos, como informativos de



carácter rexional nos que se pode incluír, diaria ou semanalmente, información que a Corporación RTVG ten interese en difundir como normativa, vedas, tallas de especies, hábitos correctos de manipulación, métodos de etiquetaxe e outros.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Patricia García Sánchez

